



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

---

**M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez**, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### **C E R T I F I C O:**

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2020, adoptouse acordo co quorum de maioría absoluta, sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

**“Punto 4.- Aprobación provisional se procede da modificación puntual nº 9 do PXOM para reclasificar o solo SUD- 17 (Monte do sino), en solo urbano**

“Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos, ao Concello Pleno PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 9 DO PXOM PARA RECLASIFICAR O SOLO URBANIZABLE SUD-17 “MONTE DO SINO” EN SOLO URBANO” (Documento nº 06687 de 30.04.2019), promovido polo Concello de Oleiros.

Segundo.- Ratificar o convenio urbanístico subscrito e firmado o 21 de marzo de 2019 polo Alcalde e os veciños do ámbito para a modificación do PXOM consistente na reclasificación do solo urbanizable SUD-17 “Monte do Sino” en solo urbano.

Terceiro.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a aprobación definitiva do documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 9 DO PXOM PARA RECLASIFICAR O SOLO URBANIZABLE SUD-17 “MONTE DO SINO” EN SOLO URBANO” (Documento nº 06687 de 30.04.2019), promovido polo Concello de Oleiros.

Terceiro.- Dilixenciar o documento e remitir copia do mesmo xunto co expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de xaneiro de 2020.-

Vº e Prace

**O alcalde,**

Ángel García Seoane